

Productos financieros y operaciones de inversión

RICARDO J. PALOMO ZURDO / JOSÉ LUIS MATEU GORDON
Madrid: Instituto Superior de Técnicas y Prácticas Bancarias. 2004
[922 páxinas]

Recibido: 20 de maio de 2006

Aceptado: 19 de decembro de 2006

O mundo financeiro actual caracterízase polo seu gran dinamismo e globalidade, os cales desembocan en relevantes e complexas operacións de importante dimensión económica. Todo isto provoca que os elementos integrantes de calquera sistema financeiro, isto é, mercados, produtos e unidades económicas, deban posuír a suficiente flexibilidade e capacidade para adaptarse a estes continuos e crecentes cambios. Neste proceso os coñecementos constitúen a ferramenta clave que permite a adopción dunha estratexia axeitada ás condicións de mercado vixentes, sen por iso diminuír o rendemento desexado ou sacrificar os obxectivos establecidos *a priori*.

Productos financieros y operaciones de inversión é un manual que cobre unha boa parte das grandes esixencias informativas que existen hoxe nos mercados. De xeito profuso pero cun fío condutor lóxico e ben estruturado, expóñense as diferentes alternativas de investimento e de financiamento existentes. Os principais riscos e marcos regulamentarios dos mercados financeiros, con especial referencia aos mercados españois, tamén son obxecto de estudo.

Este manual representa e formaliza un importante esforzo dos seus autores pola actualización e pola recompilación dos principais riscos dos produtos ou activos e mercados hoxe en día. Deste xeito, esta obra constitúe unha referencia imprescindible para todos aqueles que estean interesados nas materias financeiras, desde profesionais e estudantes universitarios vinculados ao eido económico ata investidores de a pé con pretensións de inicio ou de mellora da súa cultura financeira.

Os dous primeiros capítulos presentan o marco teórico fundamental e necesario para un axeitado coñecemento dos desenvolvementos presentados posteriormente. O capítulo primeiro sitúa o lector no ámbito das finanzas persoais, dándolle unha primeira aproximación ao sistema financeiro español. Apoiando a teoría con datos estatísticos recentes, abórdanse os supostos de racionalidade investidora, a importancia do proceso de planificación financeira, os conceptos básicos de rendemento e risco, e as implicacións tributarias das estratexias investidoras. As bases do capítulo segundo atópanse nas matemáticas financeiras empregadas en calquera análise financeira. As distintas taxas de xuro existentes e as operacións de capitalización e desconto son o fío condutor da exposición. Todos estes contidos son expostos polo miúdo pero sen derivar en excesivas complexidades que afasten o lector dunha boa comprensión. Para cumprir con este propósito, os autores recorren a gráficas e a

esquemas moi ilustrativos que permiten o afianzamento das ideas desenvolvidas no texto á vez que conducen a un asentamento dos coñecementos no lector.

Os capítulos terceiro e cuarto céntranse nos produtos e nas operacións bancarias de uso máis recorrente, así como na renda fixa. Primeiro expóñense os elementos básicos que constitúen e que caracterizan os depósitos bancarios para, a continuación, afondar na extensa tipoloxía ofertada na actualidade polas entidades. As tradicionais figuras de financiamento empresarial, como son o crédito e o préstamo, son desenvolvidas de xeito amplo, sen prescindir de exemplos prácticos, doados e reais. Os elementos principais que os definen, as particularidades de cada un deles e a análise de riscos que acompaña toda operación deste tipo son o guión da exposición. Para rematar esta parte e baixo o nome de servizos financeiros, enmárcanse operacións cada vez máis populares e empregadas polo mundo empresarial, como son o *leasing*, o *renting* ou o *factoring*.

A renda fixa, como destacada alternativa para os investidores con máis aversión ao risco, é a protagonista do capítulo cuarto. Os mercados onde se emite e negocia, e os diferentes tipos de renda fixa en función do ente emisor (público, privado e internacional), constitúen o eixe central analítico.

Os capítulos quinto, sexto e sétimo teñen como protagonista a renda variable. Nos últimos anos, os mercados de valores acumularon unha porcentaxe destacada de aforro da economía nacional. Neste sentido, as accións popularizáronse como produtos financeiros non exclusivos dos estamentos sociais máis elevados. Palomo e Mateu presentan nesta parte do manual un esquema da estrutura, da organización e do funcionamento do mercado de valores español, denotando a súa tendencia cara á integración na liña doutras bolsas de valores internacionais. A continuación, a definición e un profuso estudo das accións, así como das principais operacións financeiras nas que estas son protagonistas, son o fío argumental. A parte dedicada á renda variable conclúe coa presentación das ferramentas de análise máis populares e recorrentes, como son a análise técnica e a análise fundamental, apoiada nun importante recurso a exemplos gráficos oportunos que achegan gran claridade a cada concepto clave sobre o que se sustentan estas técnicas.

No capítulo oitavo os fondos, sociedades e clubs de investimento son descritos como instrumentos destacados para canalizar o aforro de xeito máis eficiente e menos custoso. Defínense os elementos constituíntes e as principais regras de funcionamento destas institucións de investimento colectivo acorde coa lexislación aplicable en cada caso, e incorporando as máis recentes novidades existentes neste eido.

Os plans de pensións, de xubilación, de previsión asegurados e de sistemas de previsión social son estudados ao longo do capítulo noveno. As notables limitacións do actual Sistema de Seguridade Social español derivaron nun forte impulso gubernamental destes medios de investimento. En consonancia con este debate, os autores dedícanlle un capítulo ao seu desenvolvemento teórico, incorporando os últimos trocos que se deron na materia, especialmente os que se refiren á materia fiscal.

Os produtos derivados son o eixe central dos capítulos décimo e undécimo. Estes activos financeiros experimentaron unha crecente importancia e son un claro reflexo dos primeiros pasos da denominada enxeñería financeira. Os factores que definen as opcións, os futuros e os *warrants*, xunto cos seus mecanismos de valoración, son explicados nesta parte do manual, facendo especial fincapé no mercado español de derivados.

A calidade dun bo xestor de investimento nos produtos derivados, así como nos outros diferentes produtos e instrumentos financeiros existentes, susténtase nuns bos coñecementos dos mercados e dos activos e tamén das constantes modificacións ou innovacións experimentadas por eles. Deste xeito, o capítulo duodécimo dedícase ao estudo da complexa e esixente tarefa de xestión e de cobertura dunha carteira.

Finalmente, os tres últimos capítulos céntranse en tres fontes de investimento de especial protagonismo e nos cambios experimentados nestes anos. Estes instrumentos de investimento son o seguro, a vivenda e os activos tanxibles, coma os bens de colección ou determinadas materias primas.

Productos financieros y operaciones de inversión constitúe a presentación dun manual moi completo e detallado dos diferentes produtos, servizos e instrumentos de investimento existentes na actualidade a disposición da comunidade investidora máis esixente. Os últimos trocos experimentados na industria financeira en materia de novos produtos, cambios fiscais, mellores e máis sofisticadas ferramentas de análise xeran unha cantidade de información que acelera a obsolescencia dos coñecementos. Os autores logran a difícil tarefa de recompilar e estruturar un exposición dos produtos e operacións financeiras máis destacados nos mercados actuais, achegando, ademais, un listado de bibliografía específica en cada capítulo. Os contidos preséntanse de xeito profuso pero claro, intercalando exemplos precisos e reais, e esquemas e cadros ilustrativos dos principais conceptos, cos contidos teóricos máis puros. Estes recursos e contidos cómpren que sexan actualizados periodicamente a fin de recoller as últimas novidades que se suceden nos mercados, como a anunciada reforma do imposto de sociedades ou a recente fraude financeira no sector da filatelia, para así configurar o manual coma unha obra clave ou básica no eido financeiro.

MARÍA MILAGROS VIVEL BÚA
Universidade de Santiago de Compostela